

Tróita

Nº 10

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xaneiro 2014

Homenaxe aos mellores deportistas de Oroso en 2013



1º PREMIO: Oroso Tenis de Mesa División de Honra Nacional



2º PREMIO: equipo de fútbol Alevín Escola Xuventude Oroso



3º PREMIO: Sofía Zapata Fermín (Oroso Taekwondo ITF)

O alcalde, Manuel Mirás, e o concelleiro de Deportes, Luís Rey, entregaron os premios aos mellores deportistas de Oroso durante a tempada 2013 durante a VI Gala do Deporte da Mancomunidade de Ordes. Mirás destaca o gran nivel dos deportistas e clubs de Oroso, o que cada ano fai máis complicado escoller aos galardoados. Nesta edición, os distinguidos foron:

1º PREMIO: **Oroso TM**. División de Honra Nacional. Primeiro equipo na historia do deporte en Oroso que participa nunha liga de ámbito nacional, tras 5 ascensos seguidos (récord sen precedentes no tenis de mesa español).

2º PREMIO: **Equipo alevín da ED Xuventude Oroso**. Campións de Liga 1ª Autonómica, sendo o equipo máis goleador e menos goleado. Campións de case todos os torneos nos que participaron, incluída a fase previa da "**Arousa F7**", o torneo internacional de máis prestixio da categoría.

3º PREMIO: **Sofía Zapata Fermín (Taekwon-do ITF Oroso)**. Primeira en combate e en tul no VI FITE Open Tournament (2012), campioa en combate na European Kenpo Cup 2012, campioa en combate júnior e sénior no I Torneo Nacional FITE (2013) e na Benalmádena Cup 2013.

PROMESA: **Bruno Saavedra Rodríguez**. Considerado polos técnicos como un dos mellores xogadores e con máis proxección da categoría en hockey e en fútbol. Campión galego de hóckey a patíns e fútbol prebenxamín.

RECOÑECIMENTO ESPECIAL: **Manuel Ríos Rial**. Copiloto de rallies, onde leva competindo dende 2006 por toda Galicia. O Concello de Oroso recoñece o seu exemplo de superación tras participar nun tramo do **Rallie de Madrid**, pilotando un Ibiza Trophy.



PROMESA: Bruno Saavedra Rodríguez (hockey e fútbol)



RECOÑECIMENTO ESPECIAL: Manuel Ríos Rial (rally)



A recepción dos Reis Magos no Concello de Oroso será ás 18:15 horas, onde repartirán lambonadas

Os nenos e nenas orosáns serán os protagonistas da Cabalgata

Os **Reis Magos de Oriente** chegarán este ano a Oroso en tren, co que percorrerán as principais rúas de Sigüeiro acompañados por numerosos nenos e nenas orosáns caracterizados para a ocasión. O percorrido será o mesmo ca en anos anteriores. A cabalgata sairá ás 17:30 horas da Estación de Vilacide e percorrerá a rúa do Portiño, rúa Insúa, praza Alexandre Bóveda, rúas do Medio e do Portiño, avenida Compostela, Praza da Foca, avenida da Garabanxa, rúas da Cultura e Río Lengüelle, Avenida de Compostela e rúa Xuncal. A recepción no Concello será ás 18:15 horas, estando prevista a chegada das Súas Maxestades ao polideportivo ás 19:00 horas, onde haberá caramelos e inchables (o pavillón non abrirá ata as 18:30 horas).



Oroso investirá 263.000 € na mellora da súa rede viaria e en saneamento

O Concello de Oroso destinará integramente a obras os 262.994 € do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (**POS 2014**), que inclúen 4 proxectos de mellora da rede viaria municipal e un para a instalación de saneamento en dúas rúas de Sigüeiro. A proposta foi aprobada en **pleno** polo PSOE, PP e BNG, mentres que o Partido Galeguista se abstivo.

O proxecto máis importante, orzamentariamente falando, é o adecentamento da capa de rodadura en Altiboa, O Castro de Recouso e a Cruz do Folgoso, na parroquia da Marzoa, con 122.148 €. Así mesmo, o Concello de Oroso investirá outros 48.798 € na mellora da rede viaria nos lugares de Zan (Trasmonte), Vilares (Senra), A Igrexa (Os Ánxeles) e Piñeirón (A Gándara). Ademais, mellorará a rede viaria na Estación de Oroso e no Cruceiro (Oroso), onde investirá outros 47.808 €. Finalmente, o Concello de Oroso investirá 44.237 € na instalación da rede de saneamento nas rúas do Barreiro e da Ulloa (Sigüeiro). Ademais, o pleno municipal aprobou incluír o adecentamento da capa de rodadura do vial público entre A Baiuca (Senra) e Requeixo (Cardama) no Plan Complementario do ano 2014. Trátase dun proxecto por un importe de 55.239 €.



O alcalde Manuel Mirás anunciou que ten intención de mellorar o estado dos accesos ao polígono de Sigüeiro



A de Trasmonte será a oitava senda peonil en Oroso, nas que o Concello leva investidos máis de 893.000 euros

O Concello inicia as obras dunha nova senda peonil en Trasmonte



O Concello de Oroso vén de iniciar a construción dunha **nova senda peonil en Trasmonte**, que conectará as beirarrúas construídas en 2008 na Estación de Trasmonte coa senda feita en O Castro, ao longo da AC-460. Suporá un investimento de 85.000 euros e acometerase en dúas fases.

A primeira fase conta cunha achega de 40.000 € da Xunta, conseguida polo alcalde Manuel Mirás nunha recente reunión co vicepresidente da Xunta Alfonso Rueda, e de 10.000 € de fondos municipais. A maiores, o Concello de Oroso aproveitará para facer obras de mellora no abastecemento de auga en Trasmonte, nas que investirá 9.900 euros de fondos propios.



Abre as portas o renovado parque infantil de Sigüeiro

O alcalde Manuel Mirás inaugurou o renovado parque infantil da área fluvial do Paseo do Carboeiro (Sigüeiro), que foi totalmente remodelado nos últimos 3 meses grazas a un investimento de 50.000 € do Concello de Oroso e da Deputación. Mirás destaca que "o Concello de Oroso segue traballando por incrementar e mellorar este tipo de instalacións no municipio, pois somos conscientes do gran número de cativos que temos e queremos que teñan os mellores espazos para xogar".

Por iso, as obras substituíron o anterior pavimento de area do parque por outro de caucho continuo na zona de xogos, un material especialmente deseñado para mellorar a seguridade dos pequenos. O resto do parque conta con pavimento tennisquick, ideado para o seu uso ao aire libre xa que se trata dun material poroso, resistente aos cambios bruscos de temperatura e que non supón gastos de mantemento. A maiores, o Concello de Oroso instalou xogos novos, renovou algúns dos antigos e colocou uns bancos na zona.



O parque infantil do Paseo do Carboeiro é o máis grande construído ata o momento en Oroso



Actuacións dos voluntarios de Protección Civil durante os pasados temporais

Dispositivo especial en Oroso contra os pasados temporais



Os sucesivos temporais que azotaron Galicia nos últimos días de 2013, cicloxénese explosiva incluída un día antes de Noiteboa, puxeron de manifesto a profesionalidade dos voluntarios da Agrupación Local de Protección Civil de Oroso e dos traballadores do Concello, que foron quen de dar rápida resposta a todas cantas incidencias tiveron lugar neses días. Árbores e sinalización de tráfico caídas sobre as estradas, pistas cortadas, muros derrubados, pequenas inundacións, cortes de luz... son só algúns dos efectos que o "Dirk" deixou ao seu paso por Oroso pero que recibiron unha pronta resposta por parte dos voluntarios de Protección Civil de Oroso.

Ademais, como a mellor defensa é un bo ataque, o alcalde Manuel Mirás mobilizou catro vehículos co persoal preciso para que percorresen todo o municipio e foran resolvendo todos os problemas que se fosen atopando. Deste xeito, ademais de responder aos avisos dos veciños e veciñas, os voluntarios puideron mesmo localizar e resolver o problema antes de que causase molestias á cidadanía. Dende **Troita**, moitas grazas a todos/as.



Apertura do prazo de inscrición nos Obradoiros 2014

O Concello de Oroso abrirá o vindeiro xoves 9 de xaneiro o prazo de inscrición nos Obradoiros 2014. Trátase duns cursos lúdicos e formativos de curta duración nos que se ofertarán modalidades como elaboración de cupcakes, fofuchas, velas e xabrons artesanais... Todos aqueles veciños e veciñas que desexen máis información sobre horarios e prezos, deben dirixirse ao Departamento de Cultura ou chamar ao 881 981 380.



Sigüeiro acollerá un curso para facerse xuíz oficial de Triatlón

O Concello de Oroso colabora na organización dun curso oficial de Nivel II de triatlón, dirixido a todos aqueles que desexen iniciarse na arbitrase deste deporte en Galicia. O curso terá lugar en Sigüeiro o sábado 16 de febreiro. Os interesados en participar deben dirixirse á **Federación Galega de Triatlón** antes do 11 de febreiro de 2013. O mail é fegatri@hotmail.com e o teléfono: 982 251 345.

Foi noticia...

Un Nadal máxico en familia



Sesión do Obradoiro de Teatro



Participantes no concerto de Panxoliñas



Recollida das cartas aos nenos/as do CRA



Asistentes ao concerto de Panxoliñas



Gañadora do Concurso de Postais



Coral polifónica de Senra



Espectáculo de Nadal do CRA Oroso



Belén vivente da gardería da Ulloa



Actuación da Aula de Música de Oroso



Campaña "Ningún neno sen xoguetes"



Paxes Reais na gardería municipal da Ulloa



Excursión ás Brañas de Valga (Mesía)

Axenda: Xaneiro

- 3** Festival Aninovo da Aula de Música (19:00 h)
- 4** Contacontos "Imos levarnos ben", ás 11 h.
- 5** Cabalgata de Reis (dende as 17:30 h)
- 8** Monicreques "Os Crebanoces" (18:00 h)

9 Inscripción nos obradoiros 2014

11 Contacontos "Imos levarnos ben", ás 11 h.

16 Fin convocatoria prazas de balnearios 2014. Dirixidas a pensionistas. Máis información nos Servizos Sociais: 981 688 950.

18 Contacontos "Imos levarnos ben", ás 11 h.

24 Club de Lectura. Ás 18:00 horas

25 Contacontos "Imos levarnos ben", ás 11 h.

Baile para maiores. Grupo Satélite (19:30 h)

31 A Rebotica dos contos: o bingo pacifista (18:00 h.)